

Acta da Comisión Delegada

10 de xuño de 2020

Lugar: Reunión por medios telemáticos

Hora: 20:00 horas

Orde do día:

1. Información da evolución da situación federativa e deportiva en relación á crise sanitaria COVID- 19
2. Plan de medidas de seguridade preventivas e correctoras para reactivar a actividade.
3. Calendario provisional de eventos Pos-Covid 19
4. Propostas de modificación regulamentarias para adecuar o regulamento FEGATRI ás condicións Extraordinarias.
5. Convocatoria Asemblea Xeral
- 6- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaría Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Triatlón Ferrol (Asiste con delegación do presidente Juan Luis Pedrosa)

Triatlón Santiago (Asiste con delegación do presidente José Ramón González)

Patricio Cruz Farías

Amando Guerrero (AD Náutico de Narón)

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:08 h.

1.- Información da evolución da situación federativa e deportiva en relación á crise sanitaria COVID- 19

O presidente expón a evolución no último mes no que a situación vai mellorando e permítenos afrontar un plan provisional de volta á normalidade.

Informa das xuntanzas coa Federación Española e a situación dos calendarios nacionais que non se confirmarán ata finais de xuño. Na última xuntanza informouse da intención de celebración de dúas xornadas de liga de clubs de Dúatlon e de Tríatlon, os Campionatos de España de Tríatlon Sprint e Olímpico e os de Tríatlon e Dúatlon Cros así coma Media e Longa Distancia. Na próxima semana haberá nova xuntanza coas CCAA para informar ao respecto e o 26 de xuño está calendarizada a Asemblea Xeral.

2. Plan de medidas de seguridade preventivas e correctoras para reactivar a actividade.

O presidente informa de que seguen traballando semanalmente coa Secretaría Xeral para o Deporte no desenvolvemento do protocolo de seguridade. Se ben maioritariamente se está basando no protocolo FETRI a Secretaría Xeral para o Deporte quere que se perfile un protocolo para adestramento e competición que inclúa a todos os estamentos dende o momento en que se sae da casa ata a volta. En canto ao Péntatlon solicitouse á FEPM se tiñan un protocolo para traballar coordinadamente pero non se recibiu resposta a día de hoxe nin hai nada publicado ao respecto, polo que se contactou co responsable de Péntatlon do Club Tripenta Terras d e Lugo, José Vila que vai colaborar co presidente no desenvolvemento.

3. Calendario provisional de eventos Pos-Covid 19

Informase da situación provisional do calendario e da xuntanza cos organizadores, que presentaron probas, na semana pasada. O presidente informa así mesmo do escrito de queixa do Olímpico de Vedra que considera que o feito de que outro club e outro Concello organicen o Campionato Galego de Equipos de Dúatlon que eles tiveron que cancelar ata 2021 pode supor un prexuízo para o seu club. Coincídese en que ante a situación extraordinaria e dado que o Olímpico de Vedra non vai organizar a proba é prioritario dotar se é posible da disputa dos máximos títulos aos deportistas e clubs galegos.

Preséntase o calendario e indícase que finalmente non se realizará o triatlón de menores xa que o Concello de Marín ten suspendida a actividade todo o verán. Si se comprometen a manter e organizar o Dúatlon de Menores modificando a data inicial ao 3 de outubro.

Infórmase así mesmo de que ante a posibilidade de coincidencia en data con proba nacional do Campionato Galego de Triatlón de Pontevedra, o Concello estaría disposto a buscar alternativa.

Infórmase así mesmo de que o Concello de Vilagarcía manifestou tamén a intención de manter o Campionato Galego de Equipos de Triatlón e está traballando para intentar darlle unha data.

Aprobese o calendario provisional con todos os votos a favor.

DATA	Evento	Especialidade	TIPO DE PROBA	LOCALIDADE
09/08/2020	XX Triatlón Cidade de Ferrol	TRIATLON ESTRADA	CIRCUÍTO TRIATLON	Ferrol
22/08/2020	XXXI Triatlón Vila de Allariz	TRIATLON ESTRADA	POPULAR	Allariz
30/08/2020	II Dúatlon das Letras de Baio	DUATLON CROS	CIRCUITO DUATLON CROS	Baio
05/09/2020	XXXII TRIATLON DO MIÑO	TRIATLON ESTRADA	CIRCUÍTO TRIATLON	Lugo
06/09/2020	V Triatlón Boamorte Bikes Sanxenxo	TRÍATLON ESTÁNDAR- Sen Drafting	CAMPIONATO GALEGO OLÍMPICO	Portonovo
12/09/2020	VI Vertiatlon Solidario	TRIATLON ESTRADA	POPULAR	Baiona
13/09/2020	Gran Premio Triatlón Pobra do Caramiñal	TRIATLON ESTRADA	CIRCUÍTO TRIATLON	A Pobra do Caramiñal
26/09/2020	XX Triatlón Cidade de Pontevedra	TRIATLON ESTRADA	CAMPIONATO GALEGO DE TRIATLON E PARATRIATLON SPRINT	Pontevedra
04/10/2020	VII Northwest Trimán	TRÍATLON LD	CAMPIONATO GALEGO	As Pontes
04/10/2020	VII Northwest Trimán	TRÍATLON MD	CAMPIONATO GALEGO	As Pontes
17/10/2020	Dúatlon Concello Noia	DUATLON CONTRARRELOXO EQUIPOS	CPTO GALEGO CONTRARRELOXO	NOIA
03/10/2020	Dúatlon Menores de Marín	DUATLON MENORES	CAMPIONATO GALEGO	Marín
07/11/2020	XVIII Dúatlon Cidade de Santiago	DUATLON ESTRADA	CIRCUÍTO DÚATLON	Santiago
22/11/2020	XXX Dúatlon Cidade de Lugo	DUATLON ESTRADA	CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON	Lugo

PROPOSTAS PENDENTES DE PECHAR DATAS

XI Triatlón Concello de Vilagarcía	TRIATLON CONTRARRELOXO EQUIPOS	CPTO GALEGO CONTRARRELOXO
TRIATLON ESTRADA	POPULAR	
Dúatlon Cros de Carballo	DUATLON CROS	CIRCUITO DUATLON CROS
Dúatlon Cros de Cerdedo-Cotobade	DUATLON CROS	CIRCUITO DUATLON CROS
Dúatlon Cros de Lousame	DUATLON CROS	CIRCUITO DUATLON CROS
Nada e Corre Zona Sur	NADA E CORRE	CIRCUITO DUATLON CROS
Nada e Corre Zona Norte	NADA E CORRE	CIRCUITO DUATLON CROS
Cpto Galego Nada e Corre	NADA E CORRE	CPTO GALEGO

4. Propostas de modificación regulamentarias para adecuar o regulamento FEGATRI ás condicións Extraordinarias.

Infórmase da necesidade de adecuar os puntos do Regulamento de competicións FEGATRI á situación do calendario e dos protocolos base COVID 19.

Apróbanse con todos os votos a favor as seguintes modificacións.

MODIFICACIÓNS REGULAMENTARIAS

Art. 3.- Campionatos Galegos Absolutos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada

3.1.1

Debido aos protocolos establecidos no plan preventivo para facer fronte ao COVID-19, as saídas dos Campionatos Galegos individuais terán máximo 75 participantes.

3.2.1

O título de campionato Galego cadete disputarase nunha proba específica de dúatlon de menores en 2020 ao non haber duatlon escolar. Todos/as participantes deberán posuír licenza federativa de tríatlon na tempada.

3.2.3 No caso de que non se dispute campionato galego de Tríatlon de Menores. O título de campión galego cadete outorgarase ao igual que o resto de categorías conforme aos (Art. 3.1 e Art.3.3 do regulamento)

Art. 4.- Clasificación para os Campionatos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada.

Para clasificarse para os Cptos.Galegos será necesario gañar a praza nalgunha das probas do circuíto do seguinte xeito:

4.1.2) Clasificación para o Campionato Galego Masculino 2020.-

- O número de deportistas que se clasifica para cada final axustarase ás probas do circuíto de maneira que a saída nunca supere aos 75 deportistas.
- As prazas a repartir, descontadas as invitacións dos clubs para 2020 sería o seguinte (xúntase cadro de acordo ao artigo 5 do regulamento), repartiranse por igual entre os clasificatorios desenvolvidos en cada caso.

Duatlon.- 55 prazas

Tríatlon.- 56 prazas

4.1.3) De cara á cobertura da totalidade de prazas, abrírase unha lista de espera para cada campionato, enviando os datos do deportista e club por email á FEGATRI antes do remate do prazo de inscrición.

- De non inscribirse todos os clasificados e/ou os clubs non usen as invitacións outorgadas, o mércores previo á proba, procederase a avisar aos deportistas en lista de espera ata completar as 75 prazas dispoñibles no campionato.

A orde de entrada será por orde de clasificación nas probas clasificatorias de circuíto. En caso de empate a postos sempre se terá en conta de xeito prioritario a clasificación na última proba.

5.- Invitacións para o Cpto Galego de Dúatlon e Tríatlon de Estrada

CAMPIONATO GALEGO DE TRIATLON MASCULINO	INVITACIÓNS POR CLASIFICACIÓN 2019		CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON MASCULINO	INVITACIÓNS POR CLASIFICACIÓN 2019
CIDADE DE LUGO FLUVIAL	3		T. ARCADE INFORHOUSE	3
ARCADE INFORHOUSE SANTIAGO	3		CIDADE DE LUGO FLUVIAL	3
T. ARTEIXO	3		T. COSTA DA MORTE	3
T. BOIRO	2		T. MOTOBike-POIO-GALAICO	2
AD FOGAR	2		OLIMPICO DE VEDRA	2
TRIPENTA TERRAS DE LUGO	2		TRIPENTA TERRAS DE LUGO	2
TRÍATLON RIAS BAIXAS	1		T. COMPOSTELA	1
AD NARON	1		CC MUROS	1
T. MAR DE VIGO	1		T. FERROL	1
TRINORTH	1		T. VILAGARCIA	1
CN PABELLON OURENSE	1			

TOTAL INVITACIÓNS	20
--------------------------	-----------

TOTAL INVITACIÓNS	19
--------------------------	-----------

PRAZAS A REPARTIR
TRIATLON 55

PRAZAS A REPARTIR
DUATLON 56

6.- Circuitos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada. Clasificatorios para o Campionato Galego

6.5 a.1)

Ningunha das saídas poderá ter máis de 75 participantes e respectaranse as diferenzas de tempos establecidas.

- Saída Rápida/con corte Masculina.- Para inscribirse na carreira clasificatoria, “rápida” con corte abrirase un prazo de inscrición previo, de dous días, que dará prioridade de inscrición aos 20 primeiros clasificados do Campionato Galego de 2019. A partir deses dous días, abrirase ao resto de deportistas e as inscricións outorgaranse por orde ata o límite de 75. As baixas dadas ata o luns previo á proba iranse publicando e eliminando do sistema para dar opción a novas inscricións no último día.

- Saída 1/Sen corte-Non clasificatoria.- Se o organizador ten posibilidade e así o considera podería dividir esta noutras dúas saídas. Engadindo 75 participantes máis cunha diferenza de 15-20 minutos, segundo a situación do circuito. De cara a permitir unha participación máis alta.
 - o Neste caso faríase destas dúas saídas da proba sen corte, unha clasificación por tempos entre as dúas, que se engadiría a continuación da carreira “rápida”/clasificatoria, tal e como xa estaba regulado.
 - o A saída outorgarase por orde de inscrición.

5. Convocatoria Asemblea Xeral

Infórmase de que ante a situación alongada de suspensión da Asemblea Xeral e dado que polo momento a xuntanza presencial dun alto número de persoas nunha sala non é polo momento aconsellable, acórdase convocar xuntanza telemática acolléndose ao artigo 40 do *“Real Decreto 8/2020 de 17 de marzo de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19”* poñendo as medidas de control de asistencia, identificación e votación necesarias a través da plataforma de teleconferencias zoom, mantendo a orde do día previa co punto de aprobación de contas e información de calendarios e modificacións normativas

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 20:49 h.